



DONA ROSA LOSADA SUAREZ, SECRETARIA XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

CERTIFICO.- Que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2011, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"TURISMO E MEDIO AMBIENTE:

Dáse conta de escrito da **Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial** no que solicita que por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa se asuma, en relación á organización do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, o aboamento da cantidade de 20.973,66 € a que ascende o déficit do devandito evento.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado tendo en conta o informe desfavorable da Interventora, no que indica a ausencia de consignación orzamentaria para esa finalidade.

Así mesmo acórdase comunicarlle a imposibilidade de incluír a devandita contía no orzamento de 2012, tendo en conta a considerable aportación municipal realizada con motivo do citado evento, tal e como se reflicte na relación de gastos asumidos polo Concello e que se enumeran a seguir:

- Convenio coa Asociación Rompetimóns de Carril para a construción da réplica do galeón Cortegada, por importe de 20.000 € (Xunta de Goberno Local de data 20/10/2009).
- Convenio de colaboración coa Asociación Rompetimóns por importe de 70.000 € para reparacións do barco "Illa de Cortegada" (Xunta de Goberno 28/12/2010).
- Adxudicación á Federación Galega Pola Cultura Marítima e Fluvial do servizo de difusión do Encontro de Embarcacións Tradicionais Carril 2011, na Feira náutica de Barcelona, por importe de 3.000 € (Xunta de Goberno Local de data 26/10/2010).
- Contratación de varios grupos de gaitas e rondalla para a celebración do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, por importe de 1.173,00 €. (Xunta de Goberno Local de data 31/05/2011)
- Fra N-11024, de Noente Paradise, S.L. por importe de 6.678,80 €, correspondante a 800 unidades do CD audio "Porto de Vilaxoán" da Atlántica Vapora Orquesta.
- Fra. nº 013/11, de Carlos Galbán Zaragoza, por importe de 738,17 €, pola instalación de equipo de son con motivo da actuación da Atlántica Vapora Orquesta Vilaxoán, dentro da Semana Náutica de Vilaxoán.

Así mesmo o Concello colaborou no desenvolvemento do X Encontro poñendo ao seu dispor un operativo de limpeza, montaxe e desmontaxe de escenario, instalacións do Colexio de Educación Primaria, etc.

Por último acórdase comunicarlle que para o ano 2013 podería estudarse a colaboración municipal para a organización do futuro Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

E para que conste e produza efectos onde proceda, coa salvidade prevista no Artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente en Vilagarcía de Arousa a vinte e catro de novembro de dous mil once.

